

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

EXTRACTO da Orde do 16 de xuño de 2021 pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2020/21 (código de procedemento ED311E).

BDNS (Identif.): 572279

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Alumnado que cursou durante o ano académico 2020/21 cuarto curso de educación secundaria obrigatoria no réxime ordinario en calquera dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia, que estea proposto polo equipo docente para a expedición do título de graduado en educación secundaria e mereza un especial recoñecemento pola dedicación e polo esforzo demostrados ao longo da etapa en superar as súas dificultades, ben de tipo persoal, educativas e/ou do contorno familiar e sociocultural.

Segundo. *Obxecto*

Convocar na Comunidade Autónoma de Galicia os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2020/21.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 16 de xuño de 2021 pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2020/21 (código de procedemento ED311E).

Cuarto. *Importe*

Vinte (20) premios cunha dotación global de 16.000 €. Cada premio estará dotado con 800 €.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes; comezará o día 24 de agosto de 2021 e rematará o día 23 de setembro de 2021.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2021

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade
P.D. (Orde do 9.2.2021; DOG núm. 31, do 16 de febreiro)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

